

UNIDADE DIDÁCTICA 8

A MITOLOGIA GREGA E ROMANA: DEUSES, HEROES E MITOS. CULTO PÚBLICO E PRIVADO

8.1. O Ciclo das Orixes: Teogonía e Cosmogonía:

8.1.1. O Caos

8.1.2. Urano e Xea

8.1.2.1. Titãs e Titânides: Cronos/Saturno e Rea

8.1.2.2. Outras divindades preolímpicas

8.2. O Ciclo Olímpico

8.2.1. Os deuses do panteón olímpico

8.3. Heroes e mitos

8.3.1. Heracles / Hércules

8.3.2. O Ciclo Troiano

8.4. O culto religioso en Grecia e Roma

8.4.1. O culto público

8.4.2. O culto privado

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Baseándovos nas táboas das páxinas seguintes, deberedes caracterizar cada un dos deuses do panteón olímpico de acordo cos seguintes criterios: mito de orixe, obxecto do seu patrocinio e atributos cos que aparece representado.

A unión de Urano e Xea é a fundamental para o desenvolvemento da xenealoxía dos deuses: os seus descendentes son divindades, pero co tempo a mitoloxía grecorromana presentábaos máis ben como forzas da natureza e da existencia mesma: a auga, o lume, o tempo, a fertilidade, a prudencia, a memoria, o lóstrego, o trono, etc.

Os conflitos que deron lugar á aparición e posterior dominio dos deuses olímpicos comezaron cando Xea se anoxou con Urano porque mantiña os seus fillos na escuridade do Érebo, privados de coñecer a luz do día. Xea entregou a Crono, o Titán máis novo, unha foice coa que este cortou os testículos do seu pai, pasando a gobernar a, polo momento, pequena comunidade de deuses. De seguido, Crono quixo afirmar o seu poder pechando de novo ós seus, neste caso, irmáns. Asemaide, uniuse á Titánide Rea, coa que comezou a ter fillos, que devoraba un tras doutro debido a unha advertencia que lle fixera súa nai Xea: un dos seus fillos había destronar. Farta de que o seu home comese os fillos que ela traía ó mundo, Rea buscou a complicidade da súa "sogra" Xea, e entre as dúas ocultáronlle a Crono o nacemento do pequeno Zeus e entregáronlle, envolta en cueiros, unha pedra esculpida en forma de bebé. Crono comeuna, e Zeus puido criarse na illa de Creta.

Tempo despois, Zeus, chegado á idade adulta, presentouse ante o seu pai e obrigouno a beber unha droga que fixo que Crono vomitase enteiros ós seus irmáns. Logo, coa axuda deles, Zeus enfrontouse ó seu pai. Crono liberou ós seus irmáns, os Titáns, que loitaron ó seu lado contra os que logo serían os deuses olímpicos. Pola súa banda estes, por consello de Xea, recorreron ós outros irmáns de Crono, que este pechara tras o derrocamento de Urano: os Cíclopes, os Hecatónquiros e os Xigantes. Esta guerra entre deuses é o que se coñece como Titanomaquia. Os olímpicos venceron, e Zeus quedou como gobernante dos seus irmáns, pechando no Érebo, neste caso, os derrotados Titáns, coa única excepción de Atlas, que foi condenado a soste a bóveda celeste.

Chegados a esta situación, unha vez máis, Xea, a matriarca de todo o clan, estaba anoxada: non aturaba que o seu neto Zeus deixase no Érebo os Titáns, co cal se decidiu a libéralos. Para iso necesitaba a axuda de alguén de gran forza, e recorreu ós Xigantes, que tamén eran fillos seus (aínda que indirectamente: lembrese o que acontecera cando Crono lle cortara os xenitais ó seu pai Urano). Este novo conflito coñécese tamén co nome de Xigantomaquia. Os Xigantes atacaron o ceo lanzando pedras e árbores con lume prendido, mentres os olímpicos se defendían como podían. Vencer os Xigantes tiña unha dificultade engadida: pola súa natureza: só podían ser vencidos se eran feridos á vez por un deus e un mortal. Así os olímpicos recibiron a axuda de Heracles, e conseguiron vencer.

II. O CICLO OLÍMPICO

HESTIA VESTA	DEMÉTER CERES	HADES PLUTÃO	ZEUS JÚPITER 	HERA JUNO 	POSEIDÃO NEPTUNO	Sangue de Urano caída no mar 
			ATENEA MINERVA	HEFESTO VULCANO		AFRODITA VENUS
	ZEUS ∞ DEMÉTER / CERES 	ZEUS ∞ SÊMELE (filha de Cadmo e Harmonia, filha está à sua vez de Zeus e Afrodita) 	ZEUS ∞ LETO (filha do Titã Ceo e da Titânide Febe) 	ZEUS ∞ HERA 	ZEUS ∞ MAIA (unha das Pléiades, filhas de Atlante, filho à sua vez do Titã Xápeto - ver pãx. ant.) 	
	PERSÉFONE PROSERPINA	DIONISO BACO	ARTEMISA DIANA + APOLO	ARES MARTE	HERMES MERCURIO	

ZEUS / XÚPITER:

HERA / XUNO:

AFRODITA / VENUS:

POSEIDÓN / NEPTUNO:

DEMÉTER / CERES:

HADES / PLUTÓN:

ATENEA / MINERVA:

HEFESTO / VULCANO:

DIONISO / BACO:

APOLO:

ARTEMISA / DIANA:

ARES / MARTE:

HERMES / MERCURIO:

PARA LEMBRAR

1. Como é lóxico, deberás coñecer o nome (o grego e o latino), orixe, atributos e representación de cada un dos deuses do panteón olímpico grecorromano.



2. Deberás saber tamén relatar as principais aventuras de Heracles/Hércules, e tamén o mito de Xasón. Podes servirse das presentacións *Heracles/Hércules* e *A guerra de Troia*.



3. Finalmente, terás que coñecer as principais celebracións relixiosas públicas gregas e romanas, así como os rituais privados que se practicaban nas dúas culturas. Hache servir a presentación *O culto relixioso en Grecia e Roma*.

